



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ás previsións de corrección da toponimia deturpada que figura na sinalización viaria da estrada PO-549, en Vilanova de Arousa.

Na rotonda da estrada PO-549 (de titularidade autonómica, da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) que conduce ao núcleo e praia de As Sinas (Vilanova de Arousa) figura o topónimo deturpado “Las Sinas” (sic) na sinalización instalada.

É evidente que a referida sinalización conculca o establecido na Lei de Normalización Lingüística no relativo á toponimia. Cumpre, pois, que se adopten as medidas precisas para a substitución do topónimo deturpado polo correcto e legal.


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Ten previsto a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes substituír a sinalización viaria coa toponimia deturpada a fin de restituír a orixinalidade galega do topónimo “As Sinas”?

2.^a) En caso positivo, en que prazo se efectivizará?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2008 18:13
Nº Rexistro: 33731
Data envío: 20/11/2008 18:13:42.298

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 20/11/2008 18:02:52